

# **Non só no entroido... deixa que os teus fillos/as se disfracen en calquera momento**

28 de Febreiro de 2022

Tempo estimado de lectura: 3 min

Disfrazarse é un dos xogos favoritos dos nosos fillos/ as. A través dos disfraces e dos personaxes que representan, poden ensaiar diferentes papeis, distintas emocións e sentimentos, ver o mundo desde outro punto de vista e facer cousas que probablemente non poderían levar a cabo noutras situacións.

Non é necesario esperar a Entroido. Ten en conta que o xogo con disfraces cumple un importante labor pedagóxico nos ámbitos social, afectivo-emocional, cognitivo e psicomotor. Os nosos nenos e nenas desenvolven o xogo simbólico, é dicir, “xogan a ser” dando vida á súa imaxinación e creando situacións nas que adquieren certos roles e mesmo, por que non, responsabilidades.

Escondidos baixo o seu disfraz, vense libres para expresar os seus sentimientos. Ten en conta que mesmo algúns pediatras utilizan nas súas terapias este divertido xogo de disfraces e recoméndanllles aos pais que xoguen cos seus fillos e fillas.

Disfrazarse obriga os menos e nenas a experimentar coa linguaxe, o vocabulario e a linguaxe corporal. Teñen que anticiparse ao que diría o personaxe ao que interpretan, practicando e experimentando con palabras e frases que non usan normalmente, revisando todo o que oíron e pensando como poden usalo.

Disfrazarse non ten regras e non entende de modas. Déixalles á man a roupa vella, luvas, chapeus, toallas ou todo aquilo que xa non che valla, para que o aproveiten e o integren nos seus xogos. Ademais... encantaralles disfrazarse de ti!

Iso si, apostá por disfraces que transmitan mensaxes positivas.

A súa imaxinación é o límite! Déixalles que a exploren ao máximo!



## Xoga ao aire libre

Disfrazarse é un xogo moi divertido que ten múltiples **beneficios**:

- Facilita a empatía
- Fomenta a creatividade
- Estimula a intelixencia e o desenvolvemento do vocabulario
- Libera tensións
- Aumenta a súa confianza
- Facilita o pensamento simbólico
- Potencia a imaxinación
- Fomenta o desenvolvemento emocional
- Mellora as habilidades comunicativas
- Desinhibe